




MOODLE: CONFIGURACIÓN DUN CURSO

1) Un curso recién creado presenta o aspecto que podemos ver na captura debaixo destas liñas, o primeiro que debe facer un profesor é configuralo:



2) Ábrese a ventá de configuración na que podemos modificar calquera parámetro. O máis importante é elixir o formato, definir os grupos, crear unha chave de inscrición e determinar se aceptamos convidados.



O módulo de configuración está dividido en seis bloques, os máis importantes son:

1) Xeral

Neste bloque podemos asignar o curso a outra categoría, cambiar o nome do curso, cambiar o nome abreviado, escribir un resumo, etc. O máis importante é determinar o formato do curso.

Formato: por defecto un curso recién creado vén configurado con "Formato semanal", adoita ser máis adecuado o "Formato de temas" que podemos elixir no despregable.

2) Inscripción

Podemos deixar os valores por defecto salvo que desexemos establecer datas de inicio e de finalización.

3) Grupos

Eliximos a opción "Sen grupos" se o curso ten un só grupo. No caso de que existan varios grupos, por exemplo 1º de ESO A e 1º de ESO B, elixiremos a opción "Grupos separados". A xestión de grupos se explicará máis adiante.

4) Dispoñibilidade

É moi conveniente asignar unha clave de inscrición, isto impedirá que se matriculen no curso persoas que descoñezan a clave e permitirá a matrícula polos propios alumnos aos que comuniquemos a clave.

Neste bloque tamén temos que decidir se admitimos convidados. Se admitimos convidados, estes poderán acceder ao curso, con clave ou sen ela, poderán ver os materiais do curso pero non poderán realizar as actividades.

Ao facer clic en "Gardar modificacións" o curso quedará configurado.

IMPORTANTE. Sempre poderemos variar os parámetros de configuración, facemos clic en **Administración > Configuración** para acceder ao módulo de configuración, agora poderemos variar a clave de inscrición, engadir temas, etc.



Moodle: Configuración dun curso por Manuel Rodríguez Aira atópase baixo unha Licenza [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/).